

## Á MESA DO PARLAMENTO

Eu, Paula Vázquez Verao, con DI 34271647Z, con domicilio a efectos de notificación en

Sober (LUGO), expoño:

- Que nas eleccións Galegas do 25 de setembro de 2016 resultei elixida Deputada do Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Lugo na lista de En Marea.
- Que me adscribín ao grupo parlamentar de En Marea creado inmediatamente despois da constitución da Cámara en 2016 e que dende xuño de 2019, xunto cos demais deputados do partido En Marea, formalicei a miña integración no Grupo Mixto.
- Que co Decreto 12/2020, de 10 de febreiro, publicado no DOG o 11 de febreiro de 2020, convocáronse eleccións ao Parlamento de Galiza, fixadas para o 5 de abril, e quedou disolto o Parlamento escollido na Xª Lexislatura, ficando a Deputación Permanente coas súas funcións recollidas no artigo 55 do Regulamento da Cámara; estas son, neste intre no que se dissolve o Parlamento, “velar polos poderes da Cámara”.
- Que con data de 14 de marzo declárase o Estado de Alarma pola pandemia da COVID19, no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.
- Que con data de 18 de marzo publícase no DOG o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19, “oídos os grupos políticos máis representativos de Galicia e a Xunta Electoral de Galicia”.
- Que a Xunta Electoral de Galicia, nesa mesma data, 18 de marzo, examinando dito decreto, reafirma o seu acordo do 12 de marzo e determina que o proceso electoral debe repetirse de forma íntegra, polo que o Presidente da Xunta deberá emitir un novo Decreto de convocatoria electoral.
- Os grupos parlamentarios representados na Deputación Permanente solicitan informe aos servizos xurídicos da Cámara – o 20 de marzo de 2020 - sobre a delimitación das funcións da Deputación Permanente, ante a excepcional situación, que sempre foi entendida como provisional, entendendo que se volvería á normalidade en breve tempo. De feito, a nova convocatoria farase “no prazo máis breve posible”.

- Que con data de 17 de abril de 2020, os Servizos Xurídicos da Cámara emiten dito informe, no que citan a Declaración Universal sobre Democracia da Unión interparlamentaria” (Consejo Interparlamentario. 161.º O Cairo, 16 de setembro de 1997) que sinala que:

“... la democracia va de la mano con un gobierno eficaz, honesto y transparente, libremente elegido y responsable de su gestión de los asuntos públicos.”

“La responsabilidad pública, que es esencial para la democracia, se aplica a todos aquellos que tienen autoridad pública, ya sean elegidos o no elegidos, y a todos los órganos de autoridad pública sin excepción. La rendición de cuentas implica un derecho público de acceso a la información sobre las actividades del gobierno, el derecho a solicitar al gobierno y a buscar reparación a través de mecanismos administrativos y judiciales imparciales.”

“... es necesario desarrollar condiciones que conduzcan al ejercicio genuino de los derechos participativos, al tiempo que se eliminan los obstáculos que impiden, obstaculizan o inhiben este ejercicio.”

- Os Servizos Xurídicos da Cámara sinalan que o Parlamento “é un poder estatutario constituído, sometido nas súas funcións e competencias ao marco do bloque de constitucionalidade, e as decisións da Cámara non previstas no marco xurídico poden ser inválidas e incluso provocar responsabilidade da institución nas esferas constitucional e persoal dos titulares dos seus órganos de goberno, no ámbito administrativo e penal”. E que: “A actuación ordinaria da Cámara é a que se produce durante a súa vixencia e coa plenitude do seu mandato no ámbito do artigo 10 do EAG. Por iso, a previsión regulamentaria da competencia da Deputación Permanente para velar polos poderes da Cámara ha de precisarse nun contexto de disolución parlamentaria e adiamento electoral por estado de alarma e declaración dunha pandemia sanitaria. Debe recordarse que no Auto do Tribunal Constitucional 135/2004, a representación procesual do Parlamento vasco recolle o dito con carácter xeral por este órgano constitucional na sentenza STC 38/1999, fundamento xurídico 3, no sentido de que os procedementos parlamentarios son o foro de debate e participación política e que debe primar sobre o procedemento concreto previsto nos regulamentos das cámaras, e todo elo debe interpretarse, á vez, á luz dos dereitos fundamentais dos suxeitos afectados neses procedementos.” Un deses dereitos fundamentais é o da participación política, recollido no artigo 23 da Constitución Española.

- Que dito informe, polo tanto, indica que a Deputación Permanente non pode asumir as funcións de “Parlamento sen Parlamento”, aínda que neste período se van admitir determinadas iniciativas, pois contraviría a súa función constitucional e a da propia Cámara, que é, segundo Sentencia do

TC, “foro de debate y participación en la cosa pública” e “pilar del régimen democrático y parlamentario vigente”.

Polo anteriormente exposto, na miña condición de cidadá galega e de Deputada da Cámara electa en 2016, considero:

- Que a anulación do proceso electoral deberá supoñer a anulación da disolución do Parlamento, emitida no mesmo Decreto de convocatoria das eleccións polo Presidente, e a restitución plena da Cámara. É unha fraude democrática á cidadanía a privación da súa institución representativa por tan amplo período de tempo, nun contexto, ademais, no que os medios públicos galegos tampouco están sometidos ao control parlamentario. Cabe lembrar, ademais, que o Goberno se restituíu, repoñendo o Presidente da Xunta nos seus cargos a Altos Cargos do Goberno cesados para iren nas listas do Partido Popular, asumindo neste feito que será necesaria unha nova convocatoria electoral e, por tanto, que non se está ante unha suspensión temporal senón ante unha anulación da convocatoria feita no seu día.

- Que neste momento, a resultante é que se está privando a milleiros de cidadáns e cidadás galegas da representación que escolleron co seu voto e, consecuentemente, vulnerando o seu dereito á participación política - á cidadanía e aos e ás súas representantes -, recollido no artigo 23 da CE.

- Que a situación de alerta sanitaria se vai alongar máis do concibido inicialmente cando se anulou o proceso electoral.

- Que, malia a composición da Cámara responder a unha situación de 2016 e non ao momento actual, a lexislatura ordinaria non remataría ata novembro de 2020.

- Que a Deputación Permanente, cuxa capacidade para substituír ao Parlamento está limitada segundo o que se expón no mencionado Informe dos Servizos Xurídicos da Cámara, e que, ademais, do punto de vista do dereito fundamental á participación política das persoas deputadas, a participación non se esgota na que exerzan a través dos grupos parlamentares ou as formacións políticas ás que pertencen segundo a reiterada doutrina xurisprudencial do TC.

- Que, nun momento excepcional, todas as voces e mans son necesarias para exercer tanto o control político do Goberno como a iniciativa de impulso de propostas recollidas da cidadanía, así como a participación leal en acordos políticos para afrontar a crise da COVID 19.

- Que a cidadanía sigue a trasladarnos ás e aos deputados escollidos en 2016 – en ausencia dunha nova Cámara lexislativa - as queixas, propostas e inquietudes durante esta crise.
- Que os grupos parlamentares continúan funcionando como tal na Cámara, pero minguados en número e en capacidade de traballo.
- Que a Deputación Permanente non pode asumir as funcións plenas do Parlamento, polo que a función de control efectivo ao Goberno se ve en cuestión.

É por iso que, atendendo á defensa do meu dereito fundamental á participación política como deputada, así como o mesmo dereito da cidadanía cuxa participación política e pluralidade só está reflectida na totalidade das persoas deputadas, e porque considero vulnerados ambos dereitos pola anulación parcial do Presidente da Xunta do seu Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de convocatoria de eleccións, sen ter anulado a disolución do Parlamento, e en defensa da dignidade colectiva das institucións galegas, solicito que se tome en consideración este escrito, agradecendo de antemán a súa recepción, e solicito que se acorde pola Presidencia e/ou pola Mesa do Parlamento, previos os informes xurídicos que consideren, o seguinte:

- Que se acorde exercer todas as actuacións legais precisas para restituír as funcións plenas do Parlamento de Galiza ata a nova convocatoria electoral.
- Que, atendendo á excepcional situación sanitaria, e ao feito de que os debates normais non poderían celebrarse, se axeiten as sesións e traballos ás circunstancias (coas ferramentas telemáticas e delegación de voto pertinentes, que xa se están a usar nas sesións da Deputación Permanente) e non se restituía a asignación económica das e dos deputados (artigo 10.1 do Regulamento).
- Que, aos efectos antes citados, se me restituía a miña capacidade de presentar iniciativas, así como os dereitos recollidos nos artigos 8 e 9 do Regulamento da Cámara.

Considero que esta proposta garante a mellor defensa da institución representativa galega, coa mellor posibilidade de control da xestión do Goberno e de iniciativa política, e o “exercicio xenuíno de participación política”.

A cidadanía galega, no medio dunha crise sanitaria que xa ten efectos socioeconómicos moi lesivos para a maioría social, non merece que pase máis tempo sen unha labor plena de control ao Goberno e de iniciativa de impulso político.

Todas as forzas e enerxías do País deben estar na loita contra a COVID19 e as súas consecuencias, polo que o Parlamento debería estar en plenas funcións ata a nova convocatoria electoral, asumindo este cometido como institución representativa da vontade popular.

En Galiza, 24 de abril de 2020.